

PROXECTO VERBAS

Descrición:

Trátase de desenvolver unha serie de actividades deseñadas para persoas en situación de exclusión social ou desprotección e/ou drogodependentes, co propósito de favorecer a difusión de información relativa á VIH e Hepatite C.

Este proxecto vense realizando dende o ano 2018 e preténdese dar continuidade ao iniciado, debido á boa resposta obtida nas edicións anteriores, incluso en circunstancias tan limitantes coma a da situación provocada pola pandemia.

A finalidade do proxecto é favorecer a transmisión de información actualizada sobre estas dúas enfermidades: dar a coñecer os novos tratamentos, os avances respecto á consecución da carga viral indefectible e seguir facendo fincapé nos métodos de prevención e nas prácticas de risco.

Así mesmo, pretendemos tamén favorecer a redución do estigma social e potenciar que as persoas seropositivas beneficiarias desta formación acaden unha idea positiva de sí mesmas.

Persoas destinatarias:

30/40 persoas drogodependentes e/ou en risco de exclusión social ou desprotección.

Obxectivo xeral:

Difundir unha adecuada e actualizada información sobre VIH, Hepatite e infeccións de transmisión sexual, facendo fincapé no coñecemento dos novos tratamentos, na prevención e na diminución do estigma asociado a estas dúas enfermidades.

Temporalización:

Data de inicio: 01/03/2021

Data de finalización: 31/10/2021

Lugar de realización:

Fundación Érguete-Integración, Avda. Martínez Garrido, 21, interior – 36205 Vigo

Resultados esperados:

- Difundir información actualizada e contrastada con profesionais do sector, sobre estas dúas enfermidades en distintos ámbitos de actuación relacionados coa nosa poboación diana.
- Promover a asunción persoal de medidas preventivas para evitar a transmisión dos virus.
- Fomentar a diminución do estigma asociado a estas enfermidades

Contía subvención: 1.304,41 €